

da súa contratación por separado. Se o operador non comercializase os servizos por separado, considerase que o prezo de cada un é o do 50 por cento do prezo total.

4. A compensación prevista neste artigo enténdese sen prexuízo da responsabilidade por danos que se produzan aos usuarios finais, que se exixirá consonte o previsto no artigo 102.3 deste regulamento.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada calquera norma de igual ou inferior rango a este real decreto que o contradiga.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións, recoñecida no artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11289 *REAL DECRETO 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción.* («BOE» 150, do 24-6-2006.)

O transporte de animais constitúe un elo de enorme relevancia dentro da produción gandeira, sobre o que converxen numerosas actuacións administrativas, realizadas por distintas autoridades competentes, especialmente en materia de benestar e de sanidade animal.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece, no seu artigo 47, que os medios de transporte de animais e as empresas propietarias deben estar autorizados como requisito previo para o exercicio da súa actividade. Esta obriga de rexistro xa existía desde a entrada en vigor do Regulamento de epizootias de 1955.

O Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte, establece a obrigatoriedade de que todo transportista figure inscrito nun rexistro, de maneira que a autoridade competente o poida identificar rapidamente. Ademais, esta norma establece certos requisitos en relación co rexistro dos transportistas que deben ser tidos en conta neste real decreto.

O Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, que será aplicable a partir do 5 de xaneiro de 2007, establece así mesmo múltiples

requirimentos para a autorización e rexistro de transportistas, contedores e medios de transporte. É necesario ter en conta tamén esta normativa, e prever o necesario para facilitar a súa aplicación a partir do 5 de xaneiro de 2007.

O Regulamento (CE) n.º 998/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, polo que se aproban as normas zoonómicas aplicables aos desprazamentos de animais de compañía sen ánimo comercial e polo que se modifica a Directiva 92/65/CEE do Consello, establece limitacións ao número de animais que se poden introducir no territorio da Comunidade Europea procedentes de países terceiros sen que o devandito movemento sexa considerado comercial. Paralelamente e no ámbito do movemento nacional, este aspecto recóllese neste real decreto.

As autoridades competentes das comunidades autónomas, no desempeño das súas competencias, deberán expedir certificados sanitarios e outro tipo de documentación relacionada co traslado ou movemento de animais, en que debe constar información relativa ao transportista e ao propio contedor ou medio de transporte empregado. Así mesmo, na súa actividade inspectora, as autoridades competentes deben comprobar o cumprimento por parte dos transportistas e dos seus contedores e medios de transporte da lexislación vixente en materia de sanidade e benestar animal.

Estas actuacións lévanse a cabo, en numerosas ocasións, sobre transportistas, contedores e medios de transporte autorizados por unha autoridade competente distinta da que outorgou a autorización, mesmo pertencentes a outro Estado membro da Unión Europea. Esta circunstancia, frecuente pola natureza da actividade, fai necesaria a existencia dun rexistro xeral de carácter informativo que lles permita ás autoridades competentes consultar os datos dos transportistas, e dos seus contedores e medios de transporte, autorizados por outras autoridades competentes. Este rexistro debe permitir ao mesmo tempo recoller a información máis relevante respecto a esta actividade, como, por exemplo, a data en que foi concedida a autorización ao transportista, a súa renovación ou, eventualmente, a súa suspensión ou retirada como consecuencia dunha actuación administrativa ou xudicial.

Por outra parte, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece así mesmo, no seu artigo 47, que os transportistas deberán levar nos seus vehículos a documentación relativa aos animais que trasladan, así como a autorización administrativa. Tendo en conta que esta autorización debe ter validez non soamente dentro do territorio do Estado español, senón tamén para os transportes realizados fóra do noso país e que o Regulamento (CE) n.º 1/2005 establece disposicións ao respecto, convén prever esta circunstancia.

Ademais, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sinala, no seu artigo 48, que os transportistas deben manter para cada vehículo, polo menos, durante un ano, un rexistro de actividade en que fagan constar todos os desprazamentos de animais realizados, con indicación da especie, número de animais, a súa orixe e destino. Por idénticas razóns que no caso da autorización do transportista, convén establecer o contido mínimo deste rexistro, detallando a información contida na citada lei, co fin de facilitar a actividade inspectora da autoridade competente.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xuño de 2006,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer:

- a) Un rexistro informático de transportistas, contedores e medios de transporte de animais vivos, así como regular o seu funcionamento.
- b) A información mínima que debe conter a autorización do transportista, dos contedores e dos medios de transporte de animais establecida no artigo 47 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.
- c) O contido mínimo dos cursos de formación en materia de protección dos animais durante o seu transporte.
- d) A información mínima que debe conter o rexistro de actividade do transportista, establecido no artigo 48 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.
- e) A creación do Comité Español de Protección e Benestar dos Animais de Producción.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación:

- a) Aos transportistas de animais vivos cuxa sede social se encontre en territorio nacional.
- b) Aos contedores e medios de transporte de animais vivos, pertencen a un transportista ou non.

2. Este real decreto non será de aplicación:

- a) Aos transportistas, contedores e medios de transporte de animais domésticos, segundo se definen no artigo 3.4 da Lei 8/2003, do 24 de abril, sempre que o transporte non se efectúe en relación cunha actividade económica, sen prexuízo do disposto no artigo 6.4 deste real decreto,
- b) Aos medios de transporte e contedores propiedade dos gandeiros e que sexan utilizados por estes para transportar os seus propios animais, a unha distancia da súa explotación inferior a 50 km.
- c) Aos contedores distintos dos utilizados para équidos ou animais das especies bovina, ovina, caprina ou porcina.
- d) Ao transporte de animais desde ou cara a consultas ou clínicas veterinarias, por consello dun veterinario.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, así como as incluídas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Ademais, entenderase por:

- a) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla para efectos de rexistro de transportistas.
- b) Código REGA: o código de identificación asignado a unha explotación, tal e como establece o artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

Artigo 4. *Rexistros autonómicos.*

As autoridades competentes inscribirán nun rexistro os transportistas de animais vivos cuxo domicilio social se sitúe no seu ámbito territorial, así como os seus contedores e medios de transporte, incluíndo nel, polo menos,

os datos que se sinalan nos anexos I e II, respectivamente.

Artigo 5. *Rexistro xeral de transportistas, contedores e medios de transporte de animais.*

1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o Rexistro xeral de transportistas, contedores e medios de transporte de animais (en diante, Rexistro xeral), que integrará os datos que figuran nos rexistros autonómicos xestionados polas autoridades competentes.

2. Para estes efectos, o sistema de xestión dos rexistros das autoridades competentes permitirá que os datos dos anexos I e II deste real decreto que figuren nos seus rexistros e que as altas, baixas e modificacións que nos devanditos rexistros se realicen teñan reflexo inmediato no Rexistro xeral, para o cal, se é o caso, se establecerán os adecuados mecanismos de conexión ou traslado de datos entre as bases de datos autonómicas e o Rexistro xeral.

3. O Rexistro xeral constituirase nunha base de datos informatizada denominada «Sistema informático de rexistro de transportistas de animais» (SIRENTRA), dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Este rexistro será accesible ás autoridades competentes, ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e ás forzas e corpos de seguranza responsables do control do transporte de animais.

4. O Rexistro xeral soamente terá un carácter público canto ao nome do transportista e ao seu número de autorización.

5. A validez máxima das autorizacións será de cinco anos, renovables segundo dispoña a autoridade competente.

Artigo 6. *Autorización e rexistro.*

1. Os transportistas de animais vivos deberán ser autorizados e rexistrados pola autoridade competente con carácter previo ao exercicio da súa actividade. Tamén deberán ser autorizados e rexistrados os contedores e medios de transporte de animais vivos.

2. A autoridade competente fixará o procedemento, incluíndo os trámites e os requisitos específicos, para a devandita autorización, de acordo coa lexislación vixente, e, en especial, co Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

3. A autoridade competente disporá os requisitos para a autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de abellas do mel. Neste caso, non serán exixibles todos os requisitos aplicables á autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais vertebrados. Especialmente, poderase establecer un réxime simplificado cando se trate do traslado de colmeas de explotacións de reducido tamaño (ata 15 colmeas), así como da transhumancia destas.

4. Deberanse rexistrar os contedores e medios de transporte utilizados para o transporte de cans, gatos ou furóns cando se transporten asemade seis ou máis animais, sen prexuízo da normativa vixente en materia de sanidade e de protección dos animais durante o seu transporte.

5. Todos os documentos irán escritos, polo menos, en castelán e en inglés. Deberán ser conformes cos modelos establecidos pola lexislación vixente e incluír, ademais, como mínimo, o número de identificación fiscal, o código de identificación fiscal ou o número de pasaporte do transportista, segundo proceda.

6. A autoridade competente poderá suspender ou retirar a autorización do transportista, do medio de transporte ou do contedor, en caso de que deixe de cumprir os

requisitos que deron lugar á autorización ou cometa infraccións graves ou repetidas da normativa vixente en materia de protección dos animais durante o seu transporte, logo de audiencia do interesado, con independencia das sancións doutra orde que puidesen corresponderlle.

Artigo 7. *Inscripción no rexistro e adxudicación de número de autorización.*

1. As autorizacións inscribíranse no rexistro asignándolles un número de identificación de acordo co establecido no punto 3.

2. Así mesmo, inscribíranse no rexistro as modificacións, renovacións, suspensións ou extincións das devanditas autorizacións.

3. O número de autorización adxudicado deberá garantir a identificación da devandita autorización de forma única dentro do territorio nacional. A estrutura do devandito número será a seguinte:

a) Para os transportistas:

1.º AT: siglas fixas que significan «Autorización transportista».

2.º ES: identifica España.

3.º Dous díxitos que identifican a comunidade autónoma onde radique o domicilio social do transportista, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.

4.º Dous díxitos que identifican a provincia onde radique o domicilio social do transportista, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.

5.º Sete díxitos que identifican o transportista dentro da provincia de forma única.

b) Para os medios de transporte e os contedores:

O número de autorización será o número de matrícula, número de bastidor de non existir matrícula ou, no caso de non existir un código que identifique de forma única o medio de transporte ou o contedor, engadirase ao número de identificación do transportista un código secuencial de, polo menos, tres díxitos que o identifique de forma única. En todo caso, o contedor deberá estar identificado fisicamente por este número de autorización.

Artigo 8. *Formación.*

Cando, para efectos de cumprimento da normativa vixente, se deban realizar cursos de formación en materia de protección dos animais durante o seu transporte, estes deberán ter unha duración mínima de 20 horas e estar homologados pola autoridade competente. Deberán incluír, ademais das materias establecidas pola lexislación vixente, aspectos ligados á seguranza viaria, á actuación do transportista en caso de accidente ou incidente durante o transporte de animais por estrada e á limpeza e desinfección dos medios de transporte e contedores.

Artigo 9. *Obrigas e dereitos dos transportistas.*

1. O transportista, unha vez autorizado, débelle comunicar os cambios nos datos consignados no rexistro á autoridade competente no prazo que esta determine, que non poderá exceder de 15 días laborables desde que se produzan os devanditos cambios.

2. O transportista será responsable de que se leven a bordo de cada contedor ou medio de transporte adscrito a el polo menos os seguintes documentos:

a) Unha copia da autorización do transportista.

b) A autorización do contedor ou medio de transporte.

c) O rexistro de actividade, establecido no artigo 48 da Lei 8/2003, do 24 de abril, cuxo contido mínimo se fixa no anexo III. Este rexistro de actividade será aprobado pola autoridade competente, e manterase debidamente cuberto e actualizado.

Os medios de transporte para o transporte de abellas do mel, aves domésticas e coellos tamén deberán manter un rexistro de actividade, aínda que non se rexistren no Rexistro xeral os contedores utilizados para os devanditos transportes.

d) Unha copia do certificado de formación, cando así o requira a lexislación vixente. Este certificado deberá ir escrito, polo menos, en castelán e en inglés.

3. As persoas físicas rexistradas poderán exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación ante as autoridades competentes, respecto ás anotacións do rexistro correspondente, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Unha vez efectuadas as actuacións pertinentes, o resultado será comunicado pola autoridade competente de que se trate ao Rexistro xeral nos termos previstos no artigo 5.2 deste real decreto, para a correspondente rectificación ou cancelación dos datos do devandito Rexistro xeral, sen prexuízo da posible rectificación ou cancelación dos datos do Rexistro xeral que poida ser efectuada por parte dos restantes suxeitos sometidos a inscrición.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será aplicable o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Artigo 11. *Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción.*

1. Créase o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción como órgano colexiado, de carácter interdepartamental, que será o órgano de coordinación entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, en materia de benestar e protección dos animais de produción, adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Gandaría.

2. O comité estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Vicepresidente: un da Axencia Española de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras da Dirección Xeral de Gandaría.

c) Vogais:

1.º Por parte da Administración xeral do Estado: o subdirector xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; un representante do Ministerio de Fomento; un da Axencia Española de Seguridade Alimentaria do Ministerio de Sanidade e Consumo; e un do Ministerio do Interior.

2.º Por parte das comunidades autónomas: un representante de cada comunidade autónoma e das cidades de Ceuta e Melilla, que acorden integrarse neste órgano.

3.º Por parte das organizacións non gobernamentais de carácter nacional que teñan como un dos seus obxectivos principais a defensa do benestar animal dos animais

de produción: un representante, designado polo presidente do comité, por proposta destas.

4.º Por parte das entidades representativas do sector gandeiro, de carácter nacional: un representante, designado polo presidente do comité, por proposta destas.

d) Secretario: un funcionario que ocupe, polo menos, o posto de xefe de sección na relación de postos de traballo da Subdirección Xeral de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras, designado polo titular desta.

3. Poderán asistir, logo de invitación e cando se considere necesario, con voz e sen voto, expertos independentes e representantes dos sectores afectados.

4. O comité poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o que non estea previsto nelas, aplicarase o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O comité reunirse mediante convocatoria do seu presidente ou por solicitude dun terzo dos seus membros e, como mínimo, unha vez ao semestre.

6. Son funcións do Comité Español de Protección e Benestar dos Animais de Produción:

a) Coordinar as actuacións da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla en materia de benestar animal dos animais de produción.

b) Proponer as medidas que aseguren a aplicación coordinada da normativa en materia de benestar animal.

c) Efectuar tarefas de estudo e asesoramento para a elaboración da normativa nacional en materia de benestar animal.

d) Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

7. O funcionamento do comité non suporá incremento do gasto público e será atendido cos medios materiais e de persoal existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

8. Os gastos en concepto de indemnización por realización de servizos, axudas de custo e desprazamentos que se orixinen pola participación en reunións dos integrantes do comité serán por conta das súas respectivas administracións ou organizacións de orixe.

Disposición adicional única. Creación de ficheiro.

Créase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o ficheiro de datos de transportistas de animais, derivados do Rexistro xeral regulado polo artigo 5 deste real decreto, co contido previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que se detalla no anexo IV.

Disposición transitoria única. Prazo para a inscrición.

Os transportistas que estivesen exercendo a súa actividade de transportar animais, así como os medios de transporte e contedores utilizados para tal fin, que estivesen autorizados pola autoridade competente, de acordo co disposto no Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte, poderán seguir exercendo a súa actividade, ben que se deberán adaptar aos requisitos e condicións establecidos neste real decreto, antes do 5 de xaneiro de 2007, facilitando os datos necesarios para o devandito fin.

Para o caso dos contedores e medios de transporte para cans, gatos e furúns, cuxo transporte non forme parte dunha actividade económica, o prazo de rexistro será de 24 meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogado o artigo 52 do Regulamento da Lei de epizootias, aprobado mediante Decreto do 4 de febreiro de 1955.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª e 16.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. Facultade de aplicación e modificación.

1. Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Fomento e do Interior para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento para modificar os anexos I a III, e o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adaptar o anexo IV ás modificacións que introduza a normativa comunitaria ou para modificalo por motivos urxentes de sanidade animal.

Dado en Madrid o 16 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Datos mínimos do transportista, que deben figurar no Rexistro xeral, segundo os artigos 4 e 5.2

- Número de autorización asignado ao transportista.
- Apelidos e nome e ou razón social do transportista, nacionalidade e enderezo completo.
- Código ou número de identificación fiscal (CIF ou NIF)
- Nome e apelidos e nacionalidade do representante legal da empresa e o seu NIF.
- Data de alta da autorización.
- Data de caducidade da autorización.
- Tipo de autorización (non válida para viaxes longas ou válida para todo tipo de viaxes, incluídas as viaxes longas).
- Decisións notificadas de acordo cos artigos 26.4.c) e 26.6 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.
- Autoridade competente que expide a autorización.

ANEXO II

Datos mínimos dos contedores e medios de transporte que deben figurar no Rexistro xeral, segundo os artigos 4 e 5.2

- Datos do transportista ao cal se asocia o contedor ou medio de transporte, segundo o anexo I.

2. Número de identificación (matrícula, número de bastidor ou, no caso de non existir un código que identifique de forma única o contedor ou medio de transporte, engadirase ao número de identificación do transportista un código secuencial de tres díxitos que o identifique de forma única).

3. Categoría: ferrocarril, estrada, aéreo, por vía fluvial ou marítima.

4. Tipo: camiión, contedor, gaiola remolque, remolque de máis de 750 kg, remolque de menos de 750 kg, semirremolque, furgoneta, tractocamiión, vehículo mixto adaptable ou outros.

5. Dimensións: lonxitude, largo, existencia ou ausencia de plataforma móbil; número de plataformas; metros cadrados útiles por piso e totais.

6. Especies para as cales se autoriza.

7. Número máximo de animais que pode transportar, por especie e tipo de animal, ou número máximo de colmeas para os autorizados a transportar estas. Para o transporte de peixes indicárase o número de animais ou o seu peso, segundo proceda.

8. Se está autorizado para traxectos de máis de 8 horas: si/non.

9. Se está dotado de sistema de navegación por satélite: si/non.

10. Data de autorización.

11. Data de renovación (se é o caso).

12. Data de baixa (se é o caso).

13. Decisións notificadas de acordo cos artigos 26.4.c) e 26.6 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.

ANEXO III

Contido mínimo do rexistro de actividade, segundo o artigo 9.2.c)

1. Número de autorización do transportista, segundo o punto 1 do anexo I.

2. Número de autorización do contedor ou medio de transporte, segundo o punto 2 do anexo II.

3. Conductor que realiza cada movemento de animais, nacionalidade e o seu NIF ou número de pasaporte.

4. Data e hora de inicio de cada viaxe.

5. Duración prevista de cada viaxe.

6. Lugar de orixe: código REGA da explotación (no caso de explotacións situadas no territorio nacional), nome do propietario ou nome comercial da explotación de orixe e enderezo completo. No caso de que o propietario da explotación sexa distinto do propietario dos animais, deberá figurar o nome deste.

7. Data e hora de finalización da viaxe.

8. Lugar de destino: código REGA da explotación (no caso de explotacións situadas no territorio nacional), nome do propietario ou nome comercial da explotación de destino e enderezo completo.

9. Número de animais desprazados ou número de colmeas para os contedores ou medios de transporte autorizados a transportar estas. Para o transporte de peixes indicárase o número de animais ou o seu peso, segundo proceda.

10. Especie a que pertencen os animais.

11. Número identificativo do certificado sanitario ou de orixe asociado ao movemento e data de expedición.

12. Data e lugar de desinfección do vehículo e número de certificado ou talón de desinfección do contedor ou medio de transporte. Este requisito non será obrigatorio no caso de medios de transporte de abellas do mel, en cumprimento do artigo 49.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

ANEXO IV

Ficheiro de datos de transportistas de animais

Unidade responsable da declaración e rexistro do ficheiro: Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Finalidade: rexistro das persoas físicas, transportistas de animais vivos, o cal permitirá a súa rápida identificación cando se realicen controis.

Usos: control, por medio das autoridades competentes, do cumprimento da normativa vixente.

Persoas e colectivos afectados: toda persoa física, transportista de animais vivos, que radique en España.

Procedementos de recollida de datos: o previsto no artigo 5.

Estrutura básica do ficheiro, e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: datos de carácter identificativo dos transportistas:

1. Apelidos e nome do transportista e enderezo postal completo.

2. Número de identificación fiscal (NIF) ou número de pasaporte e nacionalidade.

3. Nome e apelidos e nacionalidade do representante legal da empresa e o seu NIF.

Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos: ás comunidades autónomas no ámbito das súas competencias. Así mesmo, ás forzas e corpos de seguranza e ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, responsables do control do transporte de animais.

Órgano responsable: Dirección Xeral de Gandaría.

Órgano ante o cal se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: autoridades competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e de Melilla, de acordo co previsto no artigo 9.3.

Medidas de seguranza con indicación do nivel exixible: nivel básico.

11290 *REAL DECRETO 777/2006, do 23 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, polo que se aproba o Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, 2005-2007.* («BOE» 150, do 24-6-2006.)

O Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión, aprobado polo Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, posteriormente modificado polo Real decreto 60/2005, do 21 de xaneiro, establece para o trienio 2005-2007 a cantidade total de dereitos que se prevé asignar ás instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. Tamén establece a metodoloxía de cálculo para a asignación individual de dereitos, determina a cantidade correspondente á reserva de novos entrantes e as regras para a súa asignación.

De conformidade co artigo 9 da Directiva 2003/87, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, o Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, xunto coa listaxe de asignación individual ás instalacións, foille remitido á Comisión Europea.

A decisión da Comisión Europea do 27 de decembro de 2004, relativa ao Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión presentado por España, estableceu que, para consideralo conforme ao dereito comunitario, resultaba imprescindible incorporar ao ámbito de aplicación da lei española todas as instalacións de combustión de